

MEMORIA

Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia e a Fiscalía Xeral do Estado para a realización dun curso básico de lingua e cultura galegas

Antecedentes

As partes pretenden colaborar conxuntamente de acordo co seguinte:

- A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, que, en desenvolvemento das previsións dos artigos 3.2 e 148.1.17 da Constitución española e mais do artigo 5 do Estatuto de autonomía de Galicia, establece a obriga dos poderes públicos de garantir o uso normal do galego e do castelán (artigo 2), así como que o galego, como lingua propia de Galicia, é lingua oficial das institucións da comunidade autónoma, da súa Administración, da Administración local e das entidades públicas dependentes da comunidade autónoma (artigo 4.1). Así mesmo, a Xunta de Galicia promoverá, de acordo cos órganos correspondentes, a progresiva normalización do uso do galego na Administración de xustiza (artículo 7.3).
- O Plan xeral de normalización da lingua galega, que foi aprobado por unanimidade o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia na súa sesión do 21 de setembro de 2004 coa finalidade de divulgar e estender o uso do galego a todos os ámbitos da sociedade galega, e que destaca como obxectivos específicos respecto da Administración de xustiza en Galicia os seguintes:
 - a) Introducir o galego como lingua normal de traballo nesta área.
 - b) Mellorar a disposición do persoal funcionario cara ao uso do galego, así como a súa capacitación.
 - c) Actualizar os recursos técnicos para facilitar o traballo en galego do persoal funcionario.

Obxecto

Este convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral da Lingua, e a Fiscalía Xeral do Estado (FXE), para a realización dun curso básico de lingua e cultura galegas na modalidade de teleformación, de 70 horas de duración.

Compromisos das partes

Para o cumprimento do obxecto deste convenio, a FXE comprométese a convocar o curso referido na cláusula anterior e a seleccionar o alumnado, que non será superior a 30 persoas.

A consellería comprométese a prestar o seu apoio institucional para o desenvolvemento do citado curso. Para isto, a Secretaría Xeral da Lingua poñerá a disposición o profesorado, conformado polo seu persoal docente asesor, que titorizará o curso en horario laboral; ademais, a Secretaría Xeral da Lingua prestará a súa conformidade aos contidos didácticos e expediralle un diploma de asistencia ao alumnado. En ningún caso o diploma acreditará oficialmente un



determinado nivel de coñecemento de lingua galega, pois para isto será imprescindible presentarse ás probas que periodicamente convoca a dita secretaría xeral.

Para a coordinación das actuacións das partes, estas comprométense a establecer mecanismos de comunicación e información que dean conta do desenvolvemento da actividade.

Este convenio non implica obrigas financeiras para as partes.

Normativa aplicable

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas cláusulas, así como polo disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público segundo o seu artigo 6, ao non previsto aplicaráselle, de acordo co artigo 4 da citada lei, os principios recollidos nela, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.

A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir na aplicación deste convenio.

De acordo co exposto, co obxecto de seguir contribuíndo á formación en lingua galega no ámbito da Administración de xustiza, as partes consideran que é oportuno subscribir este convenio, cuxa vixencia se estenderá ata o 31 de decembro de 2024, coa posibilidade de prorrogarse por períodos anuais.

Santiago de Compostela, asinado dixitalmente

O secretario xeral de Política Lingüística

Valentín García Gómez

